

# Dspace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

X. Xove Ferreiro (2010): “A voltas coas contraccións: *cun* e *con un*”, *Estudos de Lingüística Galega* 2, 247-261.

---



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Noncommercial** — You may not use this work for commercial purposes.
- **No Derivative Works** — You may not alter, transform, or build upon this work.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

## A voltas coas contraccións: *cun* e *con un*

Xosé Xove Ferreiro

*Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela*

Recibido o 10/03/2010. Aceptado o 27/04/2010

### Concerning contractions: *cun* and *con un*

#### Resumo

A normativa actual prescribe para a secuencia *con + un* as grafías *cun* e *con un*, distribuídas, de acordo coa nosa interpretación, segundo un vaia seguido de substantivo (función de Det: *cun*) ou non (función de N de FN: *con un*), con independencia da clase de palabra que sexa *un* (artigo, numeral, “indefinido”, constituínte doutra unidade). Este ditame, inexistente nas *Normas* de 1982, foi introducido na revisión de 1995 e mantívose na de 2003. Examinamos a continuación o sentido do termo *contracción* dentro do noso uso gramatical no marco das relacións entre grafía e pronuncia, por un lado delimitando o que inclúen as *contraccións* e polo outro destacando que pode haber pronuncia “contracta” mesmo en ausencia de composto gráfico. Nesta liña, aínda que as *Normas* non informan sobre isto, sinalamos que a grafía *con un* non impón [koŋũŋ], senón que pode corresponder tamén a [kuŋ]. A consulta das bases *TILG* e *CORGA*, e mais dun conxunto importante de textos con transcrisións da fala mostra que a prescrición normativa é fundamentada, pois a amálgama fónica falta sobre todo cando *un* é N. Neste mesmo contexto sintáctico os galegofalantes practican tamén contraccións fónicas, particularmente cando *un*, como N, vai seguido da prep. *de* + sintagma; nestas situacións a pronuncia [kuŋ] pode corresponder de maneira natural á grafía normativa <con un>.

#### Palabras chave

Morfoloxía, contracción, grafía, escrita, pronuncia, son, preposición, con, *un(s)*, *unha(s)*

#### Abstract

Current rules prescribe two spellings, *cun* and *con un*, for the sequence *con + un*, their distribution being determined, if our interpretation is correct, by whether *un* is followed by a substantive (i.e. in Det function, use *cun*) or not (i.e. when functioning as a N in a NP, use *con un*), regardless of the part of speech of *un* (i.e. whether it is an article, a numeral, an “indefinite”, or a constituent of some other unit). This rule, which was absent from the *Normas* of 1982, was introduced in the 1995 revision and maintained in the 2003 edition. Here we look at the sense in which *contraction* is used, in the context of our grammatical terminology, with respect to the relationship between spelling and pronunciation. We establish what counts as a contraction and notice that there may be “contracted” pronunciations not reflected by spelling. Thus, although the *Normas* don’t make it explicit, the spelling *con un* does not imply of necessity [koŋũŋ], but may also correspond to [kuŋ]. An examination of the *TILG* and *CORGA* databases together with a substantial corpus of transcribed spoken texts leads to the conclusion that the prescriptive rule is justifiable, since phonological contraction is absent chiefly when *un* is a N. Now precisely in this syntactic context native speakers also habitually make contractions in pronunciation, particularly when *un*, as N, is followed by the prep. *de* + a phrase. In such contexts it is natural for the pronunciation [kuŋ] to correspond to the standard spelling <con un>.

#### Keywords

Morphology, contraction, spelling, written language, pronunciation, sound, preposition, con, *un(s)*, *unha(s)*

1. Segundo as *Normas* a preposición *con* contrae unicamente co artigo determinado *o(s)*, *a(s)* e coas formas *un(s)*, *unha(s)*, que inclúen nas clases de palabra “artigo indeterminado”, “indefinido” e “numeral”. En canto que artigo, as contraccións *cun(s)*, *cunha(s)* non presentan particularidades respecto das de *co(s)*, *coa(s)* ou das de *dun(s)*, *dunha(s)* e *nun(s)*, *nunha(s)*: a contracción represéntase sempre na escrita e só queda excluída “se a preposición non forma parte da mesma frase ca o artigo”: “*de un médico estar alí, salvaríalle a vida*” (2003: § 14.2.2). A situación é diferente para “o indefinido *un(s)*, *unha(s)*” e para “os numerais *un*, *unha*”: contraen coas preposicións *de*, *en* e *con* do mesmo modo ca o artigo indeterminado só cando “actúan como adxectivo”. Pola contra, cando “se usan como pronominais” contraen “xeralmente” / “normalmente” coas preposicións *de* e *en*, pero non coa preposición *con*: “*tanto se comprometía con un coma con outro; cada domingo ía ao teatro con unha, nunca o viamos coa mesma rapaza*” (“indefinido”) (2003: § 15.4.3); “*equivocouse nunha ou en dúas respostas, con unha xa me abonda*” (numeral) (2003: § 16.1). Combínanse nas *Normas*, polo tanto, dous criterios en relación coa representación na escrita da contracción: o de clase de palabra (artigo indeterminado / indefinido e numeral) e, dentro da clase de palabra “indefinido” e “numeral”, o criterio da función, segundo *un* “actúe como” (ou “*sexa*”) “adxectivo / pronominal”.

Cómpre advertir antes de nada que na primeira edición das *Normas* (1982) houbo un lapsus e quedaron sen mencionar as contraccións das formas *un(s)*, *unhas(s)*, formas, polo demais, incluídas só nos apartados “indefinidos e identificadores” (1982: § 14.5) e “numerais cardinais” (1982: § 15.1), mais non no apartado dedicado ao artigo. O asunto das contraccións de *un* abordouse na *Gramática galega* de 1986 dun modo que viña a coincidir coas *Bases*, como expoñemos adiante no apartado 6., e que despois foi incorporado no substancial á revisión das *Normas* feita en 1995. No capítulo dedicado ao artigo veñen as contraccións do indeterminado *un(s)*, *unhas(s)* con *de*, *en* e *con*, sen introducir ningunha restrición especial para a prep. *con* (Álvarez et al. 1986: 141). Estas mesmas formas figuran no apartado dos “indefinidos” dentro do grupo dos que contan con só “función nuclear ou sustantiva”, en tanto que son “a forma pronominal que corresponde ó chamado «artigo indeterminado»”; “contrae coas preposicións *en* e *de*”; “pero non contrae coa preposición *con*” (Álvarez et al. 1986: 232, 234). *Un*, *unha* tamén están incluídas nos “numerais cardinais”, mais agora sen referencia ás súas contraccións (Álvarez et al. 1986: 266).

Unha das diferenzas entre as *Normas* de 1995 e a descrición da *Gramática* de 1986 consistiu en presentar de modo diferente o relativo aos “indefinidos”: a *un(s)*, *unha(s)* non se lles asigna só función nuclear (“sustantiva, pronominal”), senón tamén “adxectiva”; en calquera caso, coma na *Gramática* de 1986, exclúese a contracción coa prep. *con* se a función é “pronominal”. A outra modificación consistiu en estender ao “cardinal” o dito para as contraccións do “indefinido”. Esta doutrina da edición de 1995 foi logo mantida integramente na segunda e última revisión de 2003.

Nas *Normas* de 1995 hai aínda algúns aspectos relativos á interpretación lingüística de *un* dos que cómpre deixar constancia. Os denominados “indefinidos e identificadores” mudan en 1995 a “cuantificadores” e “identificadores”, mais aínda que *un(s)*, *unha(s)* van adscritos unicamente á clase dos “cuantificadores”, ao se referiren ás súas contraccións as *Normas* sempre os denominan “indefinidos” (1995: 89, 100, 102). A razón deste proceder está en que se entende no fondo que tanto “cuantificadores” coma “identificadores” son “indefinidos”, e que unha denominación máis xeral (que permite acoller as posibles interpretacións de *un* como “identificador”) non afecta á doutrina das contraccións.

Resaltamos este aspecto porque as *Normas* presentan as contraccións de *un* mediante formulacións que, procurando resultar familiares para o maior número de lectores, poden ser discutibles desde un punto de vista lingüístico rigoroso e mesmo chegar a non ser ben entendidas. As *Normas* asumen implicitamente que o artigo indeterminado *un*, en canto que artigo, ten que ir seguido de substantivo (función “adxectiva”, é dicir, Det do N substantivo da FN); non se apartan nisto doutras interpretacións tradicionais, como a da xa mencionada

*Gramática* de 1986, ou antes a de Saco (1868) ou Carballo (1979) (vid. ap. 6 e nota 10). Non é momento de discutir ese suposto, mais hai sobradas evidencias de que o artigo (determinado e indeterminado), sen deixar de pertencer a esta clase de palabras, pode funcionar “como adxectivo” (propriadamente Det) ou “como substantivo” (propriadamente N) (vid. Álvarez / Xove 2002: 455-457). Se o lector das *Normas* parte de que o artigo pode funcionar como Det ou como N, pode chegar a pensar que sempre que sexa artigo indeterminado debe escribir *cunhas*, tamén cando funciona como N, por ex. en “Non quero as mellores tesoiras do mundo, conténtome *cunhas* que corten ben”. En realidade non é así, pois as *Normas*, en canto que supoñen que o artigo indeterminado funciona sempre “como adxectivo”, só prescriben a contracción *cun* para esa circunstancia en que vai seguido de substantivo.

En resumo, o único criterio que cómpre ter en conta para as contraccións de *un* é se “actúa como adxectivo” ou “como pronominal”, con independencia da clase de palabra a que se queira adscribir (artigo, “indefinido”, numeral...). É razoable que se poida pedir de quen escribe que controle se na secuencia *con + un* esta última unidade funciona “como adxectivo” (e polo tanto *cun*) ou “como substantivo” (e polo tanto *con un*); non sería razoable, en cambio, que se lle esixise dilucidar se *un* é artigo, cuantificador, numeral, etc., unha cuestión controvertida mesmo nas descrições gramaticais<sup>1</sup>.

A formulación en termos de “actuar como” ou “ser” “adxectivo” ou “pronome”, ou, alternativamente en termos de ter “función adxectiva” ou “función substantiva” (2003: § 2.7.4.) é outra vez lingüisticamente discutible, pois non xebra adecuadamente entre a clase de palabra (ser artigo, pronome, adxectivo, substantivo) e as funcións sintácticas que desempeñan, propriadamente Det e N de FN. En calquera caso, a interpretación de “funciona como adxectivo”, “funciona como substantivo” debería resultar clara para calquera lector/escritor. Dito en termos quizá máis doados de percibir para calquera usuario, *un* nuns casos vai seguido de substantivo e contrae normativamente coa prep. *con* (*quedei cunha mazá*); noutros casos non vai seguido de substantivo (gramaticalmente, ben porque o substantivo está elíptico ou ben porque *un* achega un trazo nominal) e non hai contracción normativa na escrita: *ofreceume mazás e quedei con unha; falou con un que era dos Vilares*.

Iso é, en definitiva, o que as *Normas* prescriben aplicar sempre, con independencia da clase de palabra que sexa *un*. Por iso a norma é tamén de aplicación cando *un* é constituínte (forma parte) dunha unidade complexa: “Se o cuantificador ou identificador está iniciado por *un(s)*, *unha(s)* ou por *o(s)*, *a(s)* (*uns cantos, un pouco, o demais, o máis...*), as contraccións son as indicadas para os artigos” (2003: § 2.7.4.). É dicir, *un(s) pouco(s)*, *unha(s) pouca(s)* e máis *un(s) canto(s)* e *unha(s) canta(s)* contraen sempre con *de*, *en* e *con*, pois *un* sempre vai seguido do outro membro da unidade complexa e non importa se esta unidade ten función determinante ou nuclear (coma nos máis casos, sempre que a preposición forme parte do mesmo sintagma): *Abóndame cunhas poucas (follas), cunhas cantas (follas)*.

2. Se ben a interpretación das *Normas* no sentido indicado non debe ofrecer dúbidas, si poden ofrecelas, en troques, os motivos da separación *cun / con un*. Poida que non chegue a entenderse ben que haxa que escribir *Quedei con un que me gustaba* se a nosa particular pronuncia como galegofalantes é [kuj], non [koñuj].

Boa parte destas dúbidas suscitadas a respecto da grafía (e pronuncia) da secuencia *con un* establecida polas *Normas* débese a problemas derivados da relación máis xeral escrita/sons. A cuestión *con un* cómpre situala así no exame do modo de proceder das *Normas* na represen-

<sup>1</sup> É seguro que algúns dos exemplos das propias *Normas* que deberían corresponder ao pronome “cuantificador” (o único grupo en que figura) non se poden incluír nesta clase: non “cuantifica” nin en *cuns veciños podemos falar, con outros é imposible*, nin en *cada domingo ía ao teatro con unha, nunca o viamos coa mesma rapaza* (en realidade, como “cuantificador” é sempre plural –*uns, unhas*–, a pesar de que na relación das *Normas* aparece tamén en singular). Aínda que as *Normas* de 1995/2003 inclúen *un* só nos “cuantificadores”, cando fan referencia ás súas contraccións denominano, xa o indicamos, “indefinido”, como na edición de 1982, de modo que os exs. van logo pola banda dos “indefinidos identificadores” –na nosa interpretación, propriadamente artigos indeterminados–. Existe aí un desaxuste que as *Normas* deben corrixir (2003: § 15.4.3).

tación gráfica das alteracións fónicas producidas nos encontros entre palabras na secuencia discursiva, quer históricas, producidas nun período da vida do galego (ou da súa formación) xa recuado no tempo (*polo, no, co...*), quer correspondentes a tendencias actuais e xerais da lingua, tratadas como fenómenos de “fonética sintáctica sincrónica”, con independencia do seu maior ou menor pouso histórico (*que o* [ko], *de alí* [da'li]..., e de xeito similar *dun, doutro...*). O caso concreto de *cun / con* un inscríbese, polo tanto, no cadro máis amplo das denominadas “contraccións” gráficas, que á súa vez non son máis ca o traslado á escrita dunha certa parte das reducións e modificacións que se producen na pronuncia ao entraren en contacto sons de palabras diferentes.

Hai un principio esencial na relación pronuncia / grafía que non se pode perder de vista: escribir como composto gráfico implica pronuncia obrigada “contracta”: *naquel* é por forza [na'kel], *mo* é só [mo]. En cambio, a relación inversa non se cumpre: a ausencia de grafía composta non implica pronuncia non “contracta”<sup>2</sup>. Claro está, as regras normativas deberán dar conta de cando se prescriba pronuncia “contracta” obrigada ou opcional nas situacións de escrita non composta. Ben que non de maneira precisa e completa, este aspecto está desenvolvido nas *Normas*. Valla, a título de exemplo, o dito para a comparativa *ca*: “Cando a conxunción vai seguida da preposición *a* nunca se representa a contracción na lingua escrita, aínda que de feito se realice na fala: *quéreme máis a min ca a ti.*” (2003: § 14.1.2.2).

Examinamos nos dous puntos seguintes o proceder das *Normas* en relación con estas dúas liñas sinaladas: en primeiro lugar os criterios subxacentes ás “contraccións” que establecen, en segundo lugar as relacións entre escrita e fala en ausencia de “contracción” gráfica obrigada. Á vista do contemplado nestes dous apartados poderemos logo abordar, dentro do contexto que lle corresponde, a situación concreta de *cun / con un*.

3. O termo *contracción* emprégase en lingüística en sentidos distintos para contextos tanto de interior de palabra coma de xunturas entre dúas palabras. Nun sentido xeral, enténdese como redución de dous ou máis sons a un só, aplicable polo tanto a *ao* [ɔ], *co...*, mais tamén a *polo, facelo, tódolos, nolo, facíalo...* en canto que non se trata da conversión *-r, -s + o > -l + o*, senón do resultado dun proceso histórico de asimilación regresiva e posterior simplificación (*-rlo, -slo > -llo > -lo*). Neste sentido, hai tamén contracción en *lévano*, con pronuncia [n], non [ɲ], debido a asimilación progresiva e posterior simplificación (*-nlo > -nno > -no*). Nun sentido máis restrinxido, o termo aplícase á redución de sons só vocálicos, ben iguais (propriadamente *crase*), ben diferentes; a este sentido acomódanse *ao* [ɔ] e mesmo *co*, pero xa non *no, nun, polo, nolo...*, en que non hai redución de vogais. En calquera dos dous sentidos anteriores o termo non é aplicable a sinéreses e ditongacións (*e el, il > [jɛl]*, ou port. *ao* [aw]), nin propiadamente a *do, dun...*, en que non hai redución, senón *elisión* da primeira vogal.

Unha ollada ás *Normas*, gramáticas e manuais de galego fai evidente que o termo *contracción* (contracción gráfica entre palabras) aparece empregado dun xeito particular, pois aplícase a xunturas de preposición e comparativa *ca* con artigo e pronomes (*á, da, coa, na, dela, nela...*), con independencia de que sexan contraccións en sentido estrito (*á, ao*), elisións (*da, dela...*) ou o resultado de procesos fonéticos complexos de asimilacións, simplificacións, aférese (*coa, no, noutro...*). Ese amplo uso do termo non significa que se aplique a calquera grafía composta que reflecta as mudanzas producidas nos encontros entre palabras: evítase para *tódolos, facelo, nolo, contigo...* No pronome persoal, *del* e *nel* son “contraccións”, pero elúdese aplicar esta denominación a *mo, cho, llo* –en que ocorre a mesma elisión do <e> átono da

<sup>2</sup> Son múltiples os exemplos de interpretacións inadecuadas ou faltas de claridade por esquecemento deste principio básico, mesmo en traballos de recoñecida altura. Valla como exemplo este procedente dun texto de valía, en que lemos que ademais de formas correspondentes ao tipo *tódolos* se recollen exs. “em que não se realizou a contracção entre as duas formas, conservando-se ainda *-s* da forma pronominal: *todos llos (...)*” (Maia 1986: 710). Non é infrecuente ler que un certo autor non representa na escrita o seseo e a gheada porque usa os grafemas <c> (+ <e, i>) ou <g>, mais a grafía <cego> non só é [θeyo], pois tamén unha pronuncia con seseo e gheada ([sɛho]) pode vir representada na escrita do mesmo modo.

primeira palabra ca en *del(es)*, *dela(s)*– porque forman serie con *nolo*, *volo*, *llelo*; as *Normas* recorren ao termo de “concorrenza” para todas estas. E visto desde o ángulo da secuencia “preposición + pronome persoal”, tampouco se xustifica a separación *del*, *nel* (*de*, *en* + persoal) / *comigo*, *contigo*, *consigo*, *connosco*, *convosco* (*con* + pronome persoal), por máis que estas últimas presenten formas especiais para o pronome que xa levan aglutinada historicamente a preposición (*migo*, *tigo*, *sigo*, *nosco*, *vosco*)<sup>3</sup>.

Noutro sentido, as dúbidas das *Normas* a propósito da inclusión ou non de *polo* entre as “contraccións” ilustran ben o incómodo da situación creada pola vontade de excluír do grupo das denominadas “contraccións” outras amálgamas similares á de *polo*, tales as do tipo *ámbalas posicións*, *¿e ulos?*, *face-lo ben*, *facelo ben*, *non llelo quero*... Nas *Normas* de 1982 (§ 13.2.1) *polo* incluíase nas “contraccións” do artigo, mais non a prep. *tras* (*tralo*) –aquela obrigada na escrita, esta opcional–, coma os máis casos en que aparece este alomorfo (*tódo*los...). Na actualización de 1995 (§ 13.1.2.1), *polo* deixou de figurar nas contraccións do artigo e pasou ao apartado dedicado ao segundo alomorfo, a pesar de seguir sendo obrigada a grafía composta, agora tamén en *tralo*; o cambio evitaba a inconsistencia de separar *polo* de *tralo*, *tódo*los..., sendo que todas elas contaban coa mesma motivación e pouso históricos. Na actualización de 2003 (§ 14.1.2.1) *polo* continúa fóra do apartado das “contraccións” do artigo, ben que agora o único obrigada na escrita, xunto con *polo*, é *u-lo*.

En definitiva, *contraccións* no sentido das *Normas* son só as grafías compostas que acordan denominar deste xeito. Inclúen mudanzas que se producen nos encontros de sons finais e iniciais de palabras contiguas sintagmáticamente que van máis alá das “contraccións” no sentido propio –máis estrito ou máis xeral– do termo, e ao tempo deixan de aplicar esta denominación a outras mudanzas similares que nas *Normas* tamén teñen grafía composta. En concreto, as *contraccións* inclúen só xunturas de preposición e comparativa *ca* con artigo e pronomes, ben que con dúbidas (*polo*) e exclusións (*tralo*, *contigo*).

As preposicións que entran en maior número de contraccións escritas son *de* e *en*, ambas co mesmo abano de amálgamas. Abreviando ao tipo representado polo masc. sg.: *do*, *dun*; *deste*, *dese*, *daquel*; *destoutro*, *desoutro*, *daqueloutro*; *dalgún*, *doutro*, *del / no*, *nun*; *neste*, *nese*, *naquel*; *nestoutro*, *nesoutro*, *naqueloutro*; *nalgún*, *noutro*, *nel*. As contraccións de *en* son históricas, no sentido xa comentado con anterioridade de procederen de etapas anteriores da lingua; noutros contextos de *en* + vogal a pronuncia coincide coa doutras palabras de características similares (*-n* + vogal inicial): <en ambos> [eɲãɱbos], <con ambos> [koɲãɱbos]. As contraccións da prep. *de* cadran, en cambio, coas elisións xerais na fonética actual da lingua do <e> átono final ante a vogal inicial da palabra seguinte; dise <doutro, dalgún>, pero tamén <dambos, dalguén>. Nesta prep. <de> os lindes do que pasa á escrita con grafía composta veñen fixados polas contraccións de *en*; tense en conta así mesmo que esas contraccións son as máis consolidadas historicamente e que ocorren cun inventario pechado de unidades de frecuencia alta<sup>4</sup>.

As prep. *con*, *a* e a comparativa *ca* entran en contraccións escritas máis restrinxidas. As amálgamas da prep. *con* co art. determinado e coa forma *un* son, coma as de *en*, históricas. En canto á prep. *a* e a comparativa *ca*, as contraccións gráficas só se realizan co artigo *a(s)*, *o(s)*, pero o resultado fónico corresponde á pronuncia que ocorre en xeral na fala en contextos de xuntura de <a> final e <a, o> iniciais. Coma xa se anotou, pronúncianse igual *cá* e *ca a* (prep.), e hai as mesmas crases e contraccións de *a* + art. det. entre *para* ou *coma* e *a(s)*, *o(s)* ou aínda entre verbo e pronome en *lévaa(s)*, *lévao(s)*.

<sup>3</sup> En galego, non todo “composto gráfico” correspondente a combinacións de palabras no sintagma representa necesariamente “contraccións” ou modificacións fónicas debidas ao contacto en que entran as dúas palabras: gráfanse conxuntamente verbos e persoais enclíticos, con independencia de que existan ou poidan existir repercusións na pronuncia (*fixérono*, *fixérao*, *síntoo*...) ou de que non exista ningunha (*dáme*...). Convén por iso distinguir entre “composto gráfico, grafía composta” –calquera unión de dúas ou máis palabras nunha única palabra gráfica– e as denominadas *contraccións* (gráficas).

<sup>4</sup> En portugués a situación é diferente, pois non existe elisión xeral; de aí que se reflicta na escrita en contextos en que é habitual a elisión, como *daqui*, *donde*.

4. Así pois, as contraccións normativas trasladan á grafía amálgamas históricas (*en, con*) e outras que corresponden a tendencias fónicas tamén actuais. Neste segundo caso a escrita, que atende ás clases de palabras implicadas e á xeneralidade da mudanza, só reflicte unha parte das modificacións existentes na fala. No traslado destas pronunciacións á escrita hai algúns aspectos que requiren atención debido a que non é raro que a grafía leve, erradamente, a modos de dicir falsos: dunha banda, (a) o propio modo da representación gráfica da contracción, e, por outro lado, (b) as dobres opcións de escrita contracta / non contracta; a isto hai que sumar (c) os problemas e divorcios coa pronuncia galega propia debidos á ausencia de representación gráfica particular.

a) Sabido é que a secuencia de prep. *a* e de art. *o(s)* pode grafarse ben como *ao(s)*, ben como *ó(s)*. En calquera caso, “a pronuncia correcta, sexa cal for a súa representación, é [ɔ]” (*Normas* 2003: § 14.1.2.1). Agora ben, a grafía <ao>, por máis afastada da pronuncia e pola tendencia xeral a asociar grafema/son, está levando a xente pouco atenta a pronunciar [ao]<sup>5</sup>.

Noutras ocasións a grafía contracta admite dúas pronunciacións diferentes. *Coa* pode lerse [koa], pero admite tamén a lectura [ka]: ambas poden ocorrer nos mesmos falantes segundo o rexistro e o contexto comunicativo. De feito, a escolla a favor de *coa* corresponde a un dos principios xerais seguidos na elaboración das *Normas*, que consiste en dar preferencia ás formas graficamente “plenas” sobre as “reducidas” (*ca* só podería lerse como [ka]).

b) As *Normas* admiten nalgúns casos a dobre posibilidade de optar ou non por compostos gráficos. Agora ben, esta dobre opción de escrita non o é de pronuncia, como expresamente advirten as propias *Normas*. O artigo determinado tras *por* e *u* é obrigatoriamente *pola rúa, u-la xente*, mais cabe escribir *témo-la razón* ou *temos a razón, tódolos días* ou *todos os días*, etc. Esta segunda posibilidade gráfica, con separación e independencia de cada palabra, non autoriza a ler/dicir segundo se escribe: “Aínda que non se represente graficamente, a única pronunciación recomendable é a que reproduce a segunda forma nos contextos sinalados: *vender a casa* [ben'dela'kaʂa]” (*Normas* 2003: § 14.1.1).

Con outro exemplo, a comparativa *ca* seguida do art. det. grafábase obrigadamente *cá(s)*, *có(s)*, pero a reforma de 2003 introduciu tamén a posibilidade de escribir *ca a(s)* e *ca o(s)* sen que iso afectase ao modo de dicir esa secuencia, pois “a pronuncia xeral é [kɔ] [ka]” (*Normas* 2003: § 14.1.2.2). Acontece na fala o mesmo que cando na escrita só cabe grafar separadamente *ca* e a preposición *a* ou as contraccións *á(s)*, *ó(s)* ou *ao(s)* que a seguen: “nunca se representa a contracción na lingua escrita, aínda que de feito se realice na fala” (*Normas* 2003: § 14.1.2.2).

c) Esta decisión de excluír por completo da escrita o que na fala é unha alteración fónica constante ocorre noutras ocasións. O <n> final de *non* escríbese do mesmo xeito en *non había* e *non a vía*, pero as pronunciacións son diferentes: [nõŋa'βia] e [nõna'βia], respectivamente. Esta pronuncia alveolar do <n>, claramente manifestada na escrita en *lévana, fanos...*, ocorre noutros contextos similares aos ilustrados por *non o vía -ben, tamén, quen...* + persoal *o(s)*, *a(s)*–, sempre con grafía separada; as descrições fónicas que tratan destes feitos subliñan a necesidade de non deixarse levar pola grafía e pronunciar erroneamente o <n> como [ŋ].

Non é habitual que cando escribimos palabras separadas haxa alteracións fónicas constantes, como en *ca ás* ou *non o vexo*. É moi frecuente, en cambio, que grafías non compostas admitan dúas pronunciacións diferentes, de modo similar a certas grafías plenas (*eléctrico...*, fronte a *conduta...*)<sup>6</sup>; en realidade, cando a grafía separa as palabras e ao tempo representa dúas posibilidade de pronuncia é tamén un caso de grafía “plena”. As *Normas*, seguindo a pauta xeral de non establecer unha norma fónica estrita, tenden a non dar regras, de modo que cómpre aterse ás descrições da “fonética sintáctica”. Falando da secuencia de prep. + art. det., as *Normas* advirten de

<sup>5</sup> A grafía *ao* é hoxe apropiada en portugués, con pronuncia [aw]; en galego vén a ser semellante a escribir *aa* para prep. *a* + art. *a*.

<sup>6</sup> O criterio de dar preferencia a formas “plenas” sobre as “reducidas” aplícase ás acomodacións de grupos cultos de palabras procedentes do latín e grego, tipo *acción, digno*, etc., que admiten unha pronuncia plena do grupo consonántico ou unha pronuncia simplificada (“reducida”), sen a primeira consoante do grupo. Por iso non é un criterio intralingüístico a separación imposta na reforma de 2003 do tipo *acción, confección, noctámbulo*, pero *estructura, estrito*, pois estas só se poden ler (dicir) como populares, a pesar de seren tan “cultas” coma as anteriores.

que as contraccións “non se realizan cando a preposición non rexe o substantivo determinado polo artigo: *antes de os galos cantaren*” (2003: 14.1.2.1). A advertencia refírese, en realidade, só á escrita, pois a pronuncia normal de <de os> é [dos]; escribimos *vin por o ver*, pero a secuencia <por o> pronúnciase de maneira normal [polo]. O dito non empece que nas *Normas* haxa, como sinalamos, algunhas recomendacións e prescricións que afectan a pronuncias de secuencias gráficas de palabras: “as palabras que acaban en –e, especialmente as gramaticais, perden na fala a vogal final cando van seguidas doutra palabra que comeza por vogal: *desde América* [‘dezða’mɛrika]” (2003: 10.6).

5. A cuestión da escrita *con un* inscríbese xustamente neste contexto de grafía separada <con un> e ausencia de indicacións nas *Normas* sobre a súa pronuncia: á grafía *cun* corresponde a pronuncia [kũŋ], mais esta mesma pronuncia podería vir representada, como opcional, por *con un*. As *Normas* prescriben a grafía *con un* cando non segue substantivo, mais como non sinalan nada respecto da súa fonía esta podería ser, en principio, [koŋũŋ] ou a contracta [kũŋ]<sup>7</sup>. A obriga de escribir *con un* nos contextos sinalados separa esta secuencia dos encontros *de + un*, *en + un*, os cales, segundo as recomendacións da *Normas*, pasan á escrita sempre como contraccións (*dun*, *nun*). É evidente que a decisión de apartar *con un* de *nun*, en canto contracción histórica, asenta en que a pronuncia daquela secuencia non sofre modificacións fónicas en certos contextos, mais isto non autoriza a pensar que esa ausencia de amalgama sexa sistemática. Nesta liña, moitos falantes non entenden ben por que deben escribir *con un* visto que, polo menos en certos contextos, eles din [kũŋ]. Ora ben, o punto de partida é precisamente a inexistencia da contracción de maneira constante e regular, non a inexistencia absoluta da contracción fónica.

Este é outro dos principios que están na base das escollas gráficas contractas: as contraccións só se representan na escrita cando na fala son regulares e xerais. O contrario non se dá, pois, como xa ilustramos, existen grafías separadas opcionais ou obrigadas que corresponden a pronuncias conxuntas regulares: a secuencia *ca o* de *máis ca o outro día* é só [kɔ]; a secuencia *por o* de *vin por o ver* é [polo], etc. Dado que a contracción gráfica tamén o é fónica, esta, para ser reflectida na escrita, debe ser ampla e constante. Non o é cando xeograficamente é limitada: *coesta* (*con + esta*), *coela* (*con + ela*), etc., son contraccións da preposición *con* na fala dunha boa parte do territorio galego, pero non son xerais, e por iso mesmo están excluídas da escrita. Nas *Normas* existen outras situacións similares ás de *con un* resoltas do mesmo modo. Os pronomes *algún/s*, *algunha/s* contraen sempre na escrita con *de* e *en* (*dalgún*, *nalgún*...), pero en cambio exclúense de todo os pronomes correlativos *alguén*, *algo*, o que non impide que tamén se poidan escoitar ou dicir non só os esperados “*dalguén*”, “*dalgo*”, senón tamén “*nalguén*” ou “*nalgo*”<sup>8</sup>.

6. Xa aludimos a que o antecedente da separación *cun / con un* vén das *Bases*: nas contraccións de *un* como artigo inclúense, sen excepcións, as das preposicións *de*, *en* e *con*: *dun*, *nun*, *cun*... (1977: § 15.2), mais nas contraccións de *un* “indefinido” só se rexistran as que establece coas preposicións *de* e *en*, con exclusión explícita de *con*: *dun*, *nun*, pero *con un* (1977: § 15.4)<sup>9</sup>. A información é incompleta, pois non se menciona o numeral *un* e non se

<sup>7</sup> As *Normas* só din “non se representa na escrita a contracción coa preposición *con*” (2003: 15.4.3).

<sup>8</sup> A consulta do *TILG* mostra algún que outro *dalguén*, *dalgo*, *nalgo*, *nambos*, que corresponden a pronuncias contractas existentes na fala.

<sup>9</sup> No cadro das contraccións dos “indefinidos” só se menciona a forma m. sg.; coma *un*, tamén contraen con *de* e *en* os “indefinidos” *algún* e *outro*. A fortuna das contraccións gráficas con *algún* e *outro* non foi uniforme; Saco sinala as contraccións *n-algún* e *n-outro* (1868: § 122), e o mesmo se le en Carballo (1979: 206), pero exclúense nos manuais *Galego* elaborados polo ILG: “Xa dixemos que na lingua falada hai moitas máis [contraccións], pro non as debemos refrexar na escritura. Así, non se deben formar contraccións de *en*, *de + algún* e debemos escribir *en algún*, *de algún* [...]. O mesmo sucede con casos como *de alguén*, *en algures*, *de aquí*, *de alí*, *de outro*, *pra alá*, etc., que na lingua falada contraen” (*Galego* 3: 15). Tanto nas *Bases* coma nos autores citados, *alguén* e *algo* quedan fóra das contraccións.



explicitan as funcións de *un* en canto artigo ou “indefinido”. É de supoñer que subxace no fondo a idea de que como artigo é Det e vai seguido de substantivo, e como “indefinido” é N de FN, sen substantivo explícito. Viría a coincidir así coa interpretación tradicional que tende a excluír o artigo da función de N e considerar típica do pronome esa función: “El adjetivo *un*, *unha*, tiene, según se deduce de lo expuesto, tres oficios, siendo numeral, artículo y pronombre indefinido. El sentido es el que hará conocer en cada caso, cuál de los tres le corresponde: además, como artículo, precede siempre a un sustantivo; como pronombre, va siempre solo. Es artículo, por ejemplo, en *Ten un pesar que o mata*, tiene un pesar que le mata; y pronombre en: *Non sabe un como facer*, no sabe uno qué hacerse.” (Saco 1868: § 35)<sup>10</sup>. Nesta liña, o ditame das *Normas*, que exclúen da contracción escrita a secuencia *con un* cando non segue substantivo, empata co establecido previamente nas *Bases* e, como xa sinalamos, co que se pode ler en Álvarez et al. (1986).

Como é sabido, o Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela tivo protagonismo destacado na elaboración tanto das *Normas* coma das *Bases* anteriores; responsabilidade do ILG son tamén os manuais *Gallego 1, 2 e 3* publicados entre 1970 e 1974. Pois ben, neles dispoñíase, sen sinalar excepcións, que “as preposicións *con*, *de*, *en*, contraen co indefinido [*un*] (pronome ou artigo)” (*Gallego 2* 1972: 29). Non parece que existan tampouco excepcións á contracción *cun* na *Gramática* de Carballo, malia que a exposición non é explícita de todo: as contraccións do artigo indeterminado *un* con *de*, *en* e *con* non se restrinxen en ningún lugar e parecen aplicables tamén cando *un* é numeral ou indefinido, se ben nada se di nun sentido ou noutro a propósito das súas posibles contraccións (1979: 187, 200-206).

Resulta, do exposto, que a grafía da secuencia *con + un*, coma a doutras secuencias (*en + algún*, *outro*), non recibiu un tratamento uniforme cando, co inicio do proceso normativo dos anos 70 do século pasado, se restrinxiu o paso á escrita das múltiples modificacións existentes na fala<sup>11</sup>. É xustificable, por tanto, que xurdan dúbidas entre os falantes respecto de se está ben fundamentado escribir *con un* cando non segue substantivo, tal como prescribe a actual normativa. No que segue examinaremos se os datos lingüísticos aboan o dobre tratamento do ditame das *Normas*.

7. Comezamos pola información que nos ofrece a base *TILG*, tomando en conta os textos incluídos nos períodos 1847-1986 e 1987-2000, coa divisoría situada no momento da publicación da *Gramática galega* (Álvarez et al. 1986), que, como sinalamos, anticipou a doutrina incorporada ás *Normas* na revisión de 1995. A base só inclúe algunhas das ocorrencias de *con un* e *cun* que aparecen nos textos, pois nos lemas *con* e *cun* (e tamén nas diversas formas que poden adoptar), igual ca noutros lemas de frecuencia moi elevada, estableceuse un filtro que limita a súa consulta a só unha parte; no noso caso isto comporta a dobre consecuencia de que os datos son incompletos e de que non se poden equiparar os resultados *con un / cun*, porque a súa inclusión na base é disimétrica. No seguinte cadro ilustramos esta situación coas obras *Os vello non deben de namorarse*, de Castelao, e *Á lus do candil*, de Fole, ambas de 1953:

<sup>10</sup> Carballo reconece para os “indefinidos” as funcións “adjectiva” e “substantiva”, pero entende que “*un*, *unha*, *uns*, *unhas* en función adjectiva se confunde con el artículo indeterminado. Como pronombre sustantivo, carece de plural”, e achega os exs. *non está un para lérias*, *unha tamén ten os seus dereitos*, *é-lle todo un ‘todo le es igual’* (1979<sup>7</sup>: 205). É dicir, como pronome é recoñecible só na función de N de FN; a limitación do sg., inxustificada no marco da súa exposición, seguramente procede de que os exs. de Saco, que Carballo calca, son só dese número.

<sup>11</sup> Xa recolleamos como no *Gallego 3* se advertía de que “na lingua falada hai moitas máis [contraccións fónicas], pro non as debemos refrexar na escritura”; en contrapartida, “hai moitos casos nos que a contracción é obligatoria, ou sexa, non existe a alternativa de poder pronunciar con ou sin contracción. Estes casos témolos que rexistrar na lingua escrita” (*Gallego 2*: 29). Queda xa exposto como nas *Normas* hai mesmo “contraccións” fónicas obrigatorias que non pasan, ou non pasan obrigatoriamente, á escrita.

		cun	con un	con
Os vellos	TILG	4	0	4
	Na obra	13	2	68
Á lus	TILG	11	0	7
	Na obra	42	3	120

Os rexistros de *cun*, nas súas diferentes formas de xénero e número, localízanse no *TILG* baixo este lema, pero os rexistros correspondentes a *con un* só podemos consultalos baixo o lema *con*. Agora ben, a relación das ocorrencias de *cun* entre o *TILG* e a obra é de 1 a 3-4 (4 a 13 en *Os vellos*, 11 a 42 en *Á lus*), pero a relación das ocorrencias de *con* é de 1 a 17 (4 a 68 en *Os vellos*, 7 a 120 en *Á lus*). Esta escasa proporción de *con* fai que diminúa moito a posibilidade de rexistrar *con un* no *TILG* e que, polo tanto, os datos relativos a *cun* e *con un* non sexan comparables entre si; por tanto, a relación verdadeiramente significativa (*cun* / *con un* Det por un lado, *cun* / *con un* N polo outro) non podemos establecela a partir da consulta do *TILG*.

Os datos dos textos do período 1797-1846 confirman esta maior presenza na escrita de *con un* da que deixa percibir a base *TILG*. Nesta recolleemos no período 14 ocorrencias do tipo *cun* e 1 de *con un*; nos textos incluídos en *Papés*, amplamente coincidentes cos da base, os resultados son de 38v para o tipo *cun* e 23v para o tipo *con un*, e mostran que a relación 14 *cun* / 1 *con un* tirada do *TILG* non nos permite tomala como representante da en verdade existente nos textos.

O que si podemos extraer dos datos proporcionados polo *TILG* é a relación que hai, por un lado, entre *cun* Det e *cun* N, e, polo outro, entre *con un* Det e *con un* N. Se o ditame normativo sobre a escrita *cun* / *con un* ten base na fala, a porcentaxe de *un* N debe subir cando a grafía é *con un* e baixar cando é *cun*.

Os textos xa mencionados e consultados por nós na súa totalidade non permiten concluír nun sentido ou noutro, pois a secuencia prep. *con* + *un* N é inusual. En *Os vellos* os 13 exs. do tipo *cun* corresponden a *un* Det, en tanto que dos 2 de *con un*, un deles é de *un* N ("cavila no que che espera *con un* e co outro", fronte a "Farsa en tres actos, *con un* prólogo e un epílogo"). En *Á lus* a situación é diferente, pero menos significativa, pois a relación é de 1 ex. de *cun* N, nunha construción partitiva ("*cun* dises puchos"), fronte a 41 de *cun* Det; os 3 exs. de *con un* pertencen todos a *un* Det ("vestía *con un* poncho ou capote manta"; "un sombreiro de palla *con unha* cinta azul"; "petando *con un* martelo especial"). Nos textos pertencentes ao período 1797-1846 incluídos en *Papés* non hai ningún rexistro de *un* N, tanto os 38 de *cun* coma os 23 do tipo *con un* son todos de *un* Det.

Á vista do subtítulo de *Os vellos* ("Farsa en tres actos, *con un* prólogo e un epílogo"), podería pensarse que na escrita *cun* / *con un* pode intervir o tipo de *un*, no sentido de que a opción *con un* se vería favorecida polo feito de que *un* é numeral, independente de que sexa Det ou N. O exame dos datos non aboa esta hipótese. Repárese en como os 3 exs. de *con un* de *Á lus* corresponden a *un* artigo, non ao numeral, mentres si hai exemplos de *cun* numeral ("*unha* manada de dez *cunha* loba con tres lobecos", "Petaba *cunha* mao na caixa do peito"...). En *Papés* hai exemplos escritos das dúas maneiras que son similares: "estaban na Rúa do Vilar *cun* color coma difuntos" (*Adro* 1813); "El saeuvo sin sentido, *con un* color como un difunto" (*Esterqueiros* 1807).

Coas salvidades expostas e a pesar da parcialidade da información do *TILG*, a acumulación de exs. permite debuxar un cadro xeral con perfís relativamente claros. Entre os anos 1847-1986 amoreamos un total de 2.908 ocorrencias de *cun* Det e 38 de *cun* N, respectivamente un 98,7% e un 1,3%. Polas razóns xa indicadas, a recolleita da secuencia *con un* é moito máis fraca. Hai, en total, 63v *con un* Det e 8v *con un* N, cun reparto proporcional do 88,7% / 11,3%. As prácticas que percibimos nos textos en absoluto son exclusivas, pero resulta evidente que a proporción da grafía *con un* gaña terreo sobre *cun* cando non segue substantivo, pois pasa de 1,3 sobre 100 a

11,3 sobre 100. Visto desde outro ángulo, os 63 exs. de *con un* Det representan o 2,1% en relación cos 2.908 exs. de *cun*, pero os 8 de *con un* N representan o 17,4% sobre os 38 de *cun* N.

Como era de agardar, esta escasa proporción de *cun* N baixa a partir da influencia exercida pola *Gramática* de 1986 e das *Normas* en 1995, de acordo coa recomendación de non representar a contracción se non segue substantivo. Entre 1987-2000 *cun* Det aparece 2.441v, en tanto que *cun* N aparece representado 19v, cunha proporción que agora descende ao 0,8%. Inversamente, a proporción de *con un* N aumenta, se ben dista de ser exclusiva: 21v *con un* Det (80,8%) e 5v *con un* N (19,2%). O ditame normativo non tivo seguimento rigoroso, como testemuñan as 19v de *cun* N, pero o cambio de rumbo non ten dúbida: dos 21 exs. de *con un* Det, 12 deles proceden de transcrisións de gravacións da fala, á marxe das *Normas*, e os 9 restantes son todos anteriores a 1996; á inversa, *con un* N non se documenta entre 1974-1990, e os posteriores a esta data sitúanse, 1 en 1991, e os outros 4 entre 1996-2000<sup>12</sup>.

8. A base de datos *CORGA* carece do filtro do *TILG*, de modo que pode obterse un retrato completo do uso de *cun* / *con un* na escrita e confrontar de maneira directa as dúas opcións en cada contexto. É un inconveniente para o exame da cuestión que nos ocupa, en cambio, que só comprenda textos publicados a partir de 1975, moitos dos cales coinciden cos incluídos no *TILG*. O exame do período 1975-1982, no estado da base correspondente ao 10/07/2009, ofreceu os seguintes resultados: *un* + substantivo: *cun* 1384v / *con un* 127v; *un* non seguido de substantivo: *cun* 14v / *con un* 12v. Estas claras diferenzas de emprego reafirman de modo contundente a tendencia que percibimos na consulta do *TILG*: cando *un* é Det a grafía *con un* representa un 8,4% fronte ao 91,6% de *cun*, en tanto que no contexto en que *un* é N a grafía *con un* representa un 46,2%, fronte ao 53,8% de *cun*. A contracción xeral que ocorre cando segue substantivo deixa de selo se non segue substantivo.

9. Un retrato máis rigoroso da pronuncia da secuencia *con + un* esixe o exame das transcrisións das manifestacións orais dos falantes. No cadro seguinte móstranse os resultados obtidos nos textos consultados (en cursiva, a referencia bibliográfica; entre parénteses verticais, o concello e provincia, se cómpren):

	+ substantivo		- substantivo	
	<i>cun</i>	<i>con un</i>	<i>cun</i>	<i>con un</i>
<i>A nosa fala</i>	31	1		
<i>Asturias</i>	25	11	1	1
<i>A Veiga</i> [Ov]	10	8		
<i>Begonte</i> [Lu]	18	1		
<i>Cangas</i> [Po]	185	11	3	2
<i>Cebreiro</i> [Pedrafita, Lu]	25		2	
<i>Compostela</i> [Co]	35	6		1
<i>Feás</i> [Aranga, Co]	5	5		1
<i>Goián</i> [Tomiño, Po]	25			1
<i>Gravacións</i> <sup>13</sup>	229	9	4	5
<i>Negueira</i> [Lu]	4			
<i>Oscos</i> [Ov]	2			
<i>Queizán</i> [O Corgo, Lu]	26		1	
<i>Sada</i> [Co]	2			

<sup>12</sup> Os datos do *TILG* correspondentes a transcrisións da fala son esporádicos e sen incidencia no cómputo xeral; só teñen relevancia xustamente no período 1987-2000 respecto de *con un* Det.

<sup>13</sup> Trátase dun conxunto de transcrisións inéditas de gravacións realizadas nas dúas décadas finais do século XX en todo o territorio galego. Forman un total de 372 páxinas e corresponden en boa medida a materiais depositados no Arquivo do Galego Oral (ILG).

<i>Sarria</i> [Lugo]	80	4		
<i>Seteventos</i> [O Saviñao, Lu]	210	1	1	
<i>Terra Chá</i> [Lu]	146	36	6	11
<i>Verín</i> [Ou]	9			1
<i>Vincios</i> [Gondomar, Po]	22			
<i>Zolle</i> [Guntín, Lu]	48	2	2	
TOTAL	1.137	95	20	23

Aínda que volvemos topar coa eiva da escasa presenza de *un* N, os 43 exs., dentro da súa fraqueza, resultan ben significativos e corroboran os resultados anteriores. En primeiro lugar, confírmase certa ausencia de contracción mesmo cando *un* vai seguido do substantivo; os 95 exs. deste tipo representan só o 7,7%, fronte ao 92,3% dos 1.137 de *cun* Det<sup>14</sup>. Estas porcentaxes globais varían moito segundo os falantes, e apunta mesmo á existencia de posibles diferenzas xeolectais; a ausencia de contracción é importante nalgúns textos, chegando ao 50% en *Feás* (Aranga-Co), 44,4% en *A Veiga*, 30,6% en *Asturias*, 19,8% na *Terra Chá* (Lu) e 14,6% en *Compostela*; en cambio, fóra desa banda situada contra o terzo norte e a metade leste, incluída a franxa galega exterior, a contracción é moi regular, como mostra a ausencia de *con un* Det en *Verín*, *Vincios* (Gondomar-Po) e *Goíán* (Tomíño-Po); mesmo os 11 exs. de *Cangas* representan só o 5,6% do total<sup>15</sup>.

Como xa observamos nos datos procedentes do *CORGA*, a relación entre a contracción e a súa ausencia muda completamente de signo cando *un* non vai seguido de substantivo: fronte ao 46,5% de *cun* (20v) hai un 53,5% de *con un* (23v). Non seguindo substantivo, máis da metade das veces prescínlese da contracción fónica, en tanto que se segue substantivo non chega a 1 de cada dez veces. Neste sentido, a prescrición das *Normas* axústase a unha percepción correcta da realidade da fala.

10. Neste contexto de *con + un* N, hai unha certa impresión por parte dos falantes de que a pronuncia non segue as mesmas pautas en tódolos contextos, senón que, segundo os casos, varía máis ou menos a tendencia a realizar a amálgama. Examinamos a seguir, con base nos datos reunidos en *TILG*, *CORGA* e transcricións da fala, se esta impresión inicial vén a ser confirmada.

A FN de que *un* é N pode constar só desta unidade ou pode estar integrada por outros constituíntes. Establecemos os seguintes tipos sintácticos a partir dos exemplos de que dispoñemos, que nos servirán para ilustrar a construción con independencia de que correspondan a *cun* ou *con un*:

Tipo A: a FN consta só do N *un*; á súa vez, esta FN pode ser simple (Aa) ou estar coordinada con outra FN tamén sen substantivo, que nos exemplos é case sempre de *outro*, precedido tamén da prep. *con* ou sen ela (Ab):

Aa: coido qu'abonda *c'unha* (*TILG* 1918); fixeron conta *con un* os dous en irense amañando (*TILG* 1927); con dous ollos pode ir, pero *con un* nunca pode ir (*Cangas*).

Ab: que cicais sexan desacordes *cus* i outros (*TILG* 1917); túa nai anda falando *con uns* e con outros (*CORGA* 1976).

<sup>14</sup> É curioso observar como o falante ás veces alterna entre a dobre posibilidade de contraer ou non: "describ' o campo cunha... con unha elocuencia, chamémosll' así" (*Terra Chá*); "E despós xa s' aperta cun, con un ferro i-o martelo" (*Zolle*).

<sup>15</sup> Quizá non sexa casual que o único ex. de *con un* Det de *A nosa fala*, que recolle textos de todo o territorio galego, proceda de Piantón (*A Veiga-Ast*).

Tipo B: a FN consta do N *un* seguido dun Mod. introducido pola prep. *de*, que pode ser partitivo (Ba: o Mod. indica o conxunto do que *un* expresa a parte), ou un adxunto restritivo de *un* (Bb):

Ba: que te teis que casar *cunha* das fillas (*Cebreiro*); O Alberte tropezou *con un* dos homes aquí-les (*TILG* 1972).

Bb: sempre que me case, casareime *cunha* do meu tempo (*TILG* 1864); casouse *cunha* d'aquí (*Cangas*).

Tipos C, D, E: coma nos tipos anteriores, a FN consta do N *un* seguido dun Mod., mais representado respectivamente por unha oración de relativo, unha frase adxectiva ou un pronome particular:

C: Remexendo un destes días os papés vellos de meu avó, atopeime *cun* que lin de cabo a rabo (*TILG* 1888); *con unhas* que lle chamaban currizas (*Gravacións*).

D: foise de putas e ligou *cunha* moi boa nunha cafetería (*TILG* 1975).

E: hoxe escomeza *cunha* miña (*TILG* 1975); Hai que ser duro *con un* propio (*CORGA* 1980).

Tipo F: *un* non vai seguido directamente de substantivo, pero non é propiamente N, pois vai coordinado con outra frase que ten como N un substantivo ao que determina tamén *un*:

F: E, *cun* e c'outro contiño de seguro o distrairei (*TILG* 1879).

Recollemos no cadro que segue os datos de *con + un* N, distribuídos nos tipos establecidos. Os procedentes do *TILG* van só ata 1986, coa finalidade de evitar a posibilidade de calquera influencia normativa nos posteriores a ese ano<sup>16</sup>; retiramos tamén os procedentes de transcricións da fala para evitar a duplicidade cos que achegamos tirados da consulta directa dos textos.

		Aa/b	Ba/b	C	D	E	F	TOT
TILG	CUN	6/4	17/4	3	1	1	2	38
	CON UN	1/1	3/-	2		1		8
CORGA	CUN	4 /1	7/-		1	1		14
	CON UN	1/4	5/-			2		12
FALA	CUN	-/1	4/11	4	1			21
	CON UN	13/1	-/4	4				22

Para observar se o tipo de construción ten relevancia na pronuncia *cun* ou *con un* debemos contentarnos no *TILG* con reparar na distribución porcentual interna de cada tipo. Tendo isto en conta, e partindo de que os datos son particularmente escasos para *con un*, o que destaca a primeira vista no *TILG* é que no tipo A non hai grandes diferenzas, pois está representado nun 26,3% en *cun* e nun 25% en *con un*; percíbese maior variación respecto do tipo B, que suma un 55,3% en *cun* e un 37,5% en *con un*; os restantes tipos están representados por un número moi escaso de ocorrencias para poder consideralos significativos.

Os datos do *CORGA* e os procedentes da fala, tamén pouco significativos nos tipos D-F, son en cambio comparables entre si; os resultados presentan perfís parcialmente diferentes. No tipo A, *cun / con un* ocorren no *CORGA* con porcentaxes iguais do 50%, polo tanto de maneira

<sup>16</sup> Aínda que a base contén datos a partir do século XVII, o primeiro ex. de *con + un* N que recollemos é de 1864. Lembra-mos que nos anos 1797-1846 que cobren os *Papés* non hai ningún uso deste tipo.

similar ao deducible do que nos ofrece o *TILG*; nos textos orais, en cambio, a porcentaxe de *con un* é moi superior á de *cun* (93,3% e 6,7% respectivamente):

A: Cada vez paseaba *con un* (*Terra Chá*); E de cada vez marchou *con unha* (*Verín*); aí que atenderlle que senón acaban *con un...* (*Goián*); pos pegábase *con unhos* i con outros (*Asturias*).

Por outro lado, os rexistros correspondentes ao tipo B acentúan nestes dous corpus a tendencia manifestada polos datos do *TILG*. No *CORGA* os 7 exs. de *cun* representan o 58,3%, os 5 de *con un* o 41,7% restante; nas transcrisións dos textos orais os 15 de *cun* representan o 78,9% e os 4 de *con un* o 21,1%:

B: E 'staba casado *cunha* das Prietas (*Terra Chá*); o Maseda casou *cunha...* *cunha* dos Eimiles (*Terra Chá*); Tá casado *cunha* de Castromaiore (*Terra Chá*); Pos aprendín *cun* de Billermao (*Zolle*) // andábase *con unha* de Rodeiro (*Feás*); casou *con un* das casas nòbas (*Compostela*); casou *con un...* do Ferrol (*Terra Chá*).

Nos demais grupos, só o tipo C conta no corpus da fala con datos susceptibles de valoración. O reparto de 4 a 4 para cada tipo de pronuncia apunta a un comportamento diferente do practicado en relación co tipo B:

C: casada *con un* qu' era meu padriño (*Terra Chá*); andaba *con unha* que lle chamaban à 'ndreíña. (*Terra Chá*) // anduven despois de compañeiro *cun* que lle chamaban o Cincho d' Adai (*Queizán*).

En resumo, os datos indican non só un predominio da ausencia de contracción cando non segue substantivo a *un*, como xa quedou subliñado, senón tamén que a contracción encontra particular acubillo se *un* vai seguido por *de* + FN e tende a escasear (pronuncia [koŋũŋ]) cando *un* é o único integrante da súa FN (tipo Aa particularmente).

11. Como conclusións e síntese do que levamos exposto sinalaremos os seguintes puntos:

(a) A normativa actual sobre as contraccións de *con* + *un* cómpre interpretala no sentido de que *un*, con independencia de que sexa artigo, numeral ou "indefinido", contrae coa prep. *con* na escrita, e polo tanto tamén na fala, cando vai seguido dun substantivo ao que determina, pero non se realiza a contracción na grafía cando non vai seguido de substantivo e *un* é N da súa FN: *Casou cunha amiga del / Casou con unha de Betanzos*.

(b) Esta separación ten fundamento na práctica oral dos falantes, pois tódolos datos dos textos consultados, e particularmente os da fala, mostran que a ausencia de amálgama fónica é moito máis acusada cando *un* é N de FN:

- Non é insólito que os falantes pronuncien [koŋũŋ] mesmo cando *un* é Det do N substantivo, posibilidade que semella máis acusada nuns lugares ca noutros; en calquera caso, de acordo coa xeneralidade do uso, a normativa prescribe escribir *cun*, e polo tanto a pronuncia [kuŋ].
- A cambio, tamén existe pronuncia [kuŋ] cando *un* é N da súa FN: [koŋũŋ] é dominante, pero [kuŋ] chega a oírse case a metade das ocasións. A ausencia de amálgama xeral fundamenta a grafía *con un* prescrita polas *Normas*, que, en troques, non indican nada en relación co son desta secuencia. A existencia de [koŋũŋ] é incuestionable, pois é o que explica a diferenza gráfica *cun* / *con un*, mais non impide a pronuncia reducida [kuŋ]. É dicir, baixo a falta de contracción escrita cabe tamén a amálgama oral: grafía *con un* e pronuncia [koŋũŋ] ou [kuŋ].

(c) A pronuncia [kuj] semella máis natural nuns contextos ca noutros; nos textos consultados domina fundamentalmente cando segue *de* + frase (tipo B), desde un 58,3% no corpus CORGA ata un 78,9% nas transcricións da fala: *hémoste casar cunha das fillas (Cebreiro); pos aprendín cun de Billermao (Zolle)*. Inversamente, no tipo A é máis frecuente *con un*, que nos nosos datos da fala chega ata o 93,3%: *con dous ollos pode ir, pero con un nunca pode ir (Cangas); aí que atenderlle que senón acaban con un (Goián); pegábase con unhos i con outros (Asturias)*. Non sorprende que *con un* domine cando *un* é o único constituínte da súa FN, pois a pronuncia tende a ser tónica, fronte á átona habitual doutros contextos. As *Normas* seguramente contemplaban de maneira particular este tipo ao estableceren a regulamentación *cun / con un*, pois os exemplos que ilustran a grafía *con un* pertencen a el: *tanto se comprometía con un coma con outro; cada domingo ía ao teatro con unha* (2003: § 15.4.3). Con todo, os demais datos non autorizan a pensar que o trazo fundamental na separación [kojũj] / [kuj] sexa o ser ou non o único constituínte da frase. Por un lado, o CORGA mostra un uso importante de *cun* tamén nese contexto A (un 50%) e, polo outro, nos tipos D, E, F, en que un vai seguido doutros modificadores non encabezados por *de*, alternan *con un* e *cun*: *anduvén despois de compañeiro cun que lle chamaban o Cincho d' Adai (Queizán); [queimábanos] con unhas que lle chamaban currizas (Gravacións)*.

(d) O tipo F, en que *un* vai coordinado con outra frase que tamén complementa o N substantivo, presenta un problema particular. É un tipo moi ocasional, non representado no noso corpus oral: *E, cun e c'outro contiño de seguro o distrairei (TILG 1879)*. En canto que Det (coordinado con outros) e non N, a normativa pide grafía *cun*, pero dado que para o usuario común parece non ir seguido de substantivo (non o segue inmediatamente), non cremos condenable optar pola grafía *con un*.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- A *nosa fala* = Fernández Rei, Francisco / Carne Hermida Gulías (1996): *A Nosa fala: bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Álvarez, Rosario / Henrique Monteagudo / Xosé Luís Regueira (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Asturias = Babarro González, Xoán (1993): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. Tese de doutoramento. Univ. de Santiago de Compostela.
- A *Veiga* = Fernández Vior, José Antonio (1997): *El habla de Vegadeo (A Veiga y su Concejo)*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.
- Bases = *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego*. 1977. Univ. de Santiago de Compostela / E. Anaya.
- Begonte = Graña Núñez, Xosé (1983): *Contribución ó estudio da dialectoloxía galega: Begonte (Lugo)*. Tese de licenciatura. Univ. de Santiago de Compostela.
- Cangas = González González, Margarita (2002): *El gallego hablado de Cangas de Morrazo*. Tese de doutoramento. Univ. de Oviedo.
- Carballo Calero, Ricardo (1979): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.
- Cebreiro = Roux, Martine (1982): *Fala o fistor e faise o día. Algúns aspectos da tradición oral galega na parroquia do Cebreiro*. Sada - A Coruña: Edicións do Castro.
- Compostela = Dubert García, Francisco (1998): *A fala de Santiago de Compostela. Estudio xeolingüístico*. Tese de doutoramento. Univ. de Santiago de Compostela.
- CORGA = Rojo, Guillermo (dir.): *Corpus de Referencia do Galego Actual*. Santiago de Compostela:

- Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades (<http://corpus.cirp.es/corga>).
- Feás* = Couceiro Pérez, José Luis (1976): *El habla de Feás*. Anexo 5 de *Verba*. Santiago de Compostela: Univ. de Santiago de Compostela.
- Gallego 2* = Instituto de la Lengua Gallega (1972): *Gallego 2*. Santiago de Compostela: Univ. de Santiago de Compostela.
- Gallego 3* = Instituto de la Lengua Gallega (1974): *Gallego 3*. Santiago de Compostela: Univ. de Santiago de Compostela.
- Goián* = Pousa Ortega, Helena (1987): *A fala de Goián. Estudio descriptivo*. Tese de licenciatura. Univ. de Santiago de Compostela.
- Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigación Científica.
- Negueira* = Santamarina, Antón (1975): "Testos e noticia da fala de Negueira (Lugo)", *Verba 2*, 307-323.
- Normas* = Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (1982): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: RAG / ILG (1ª revisión: 1995; 2ª revisión: 2003).
- Oscos* = Alonso, Dámaso (1969): "Narraciones orales gallego-asturianas. San Martín de Oscos", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXIV, 140-153. Reimpreso en *Obras Completas. I. Estudios Lingüísticos Peninsulares*, 1972. Madrid: Gredos, 495-521.
- Papés* = Mariño Paz, Ramón / X. R. Barreiro Fernández / Rosa Aneiros Díaz (eds.) (2008): *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846* (I). Santiago de Compostela: CCG ([http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/09/papes\\_demprenta.pdf](http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/09/papes_demprenta.pdf)).
- Queizán* = Castro Castedo, Xosé Manuel (1986): *O galego en Queizán (O Corgo)*. Tese de Licenciatura. Univ. de Santiago de Compostela.
- Saco Arce, Juan A. (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Imp. de Soto y Freire.
- Sada* = Ríos Panisse, Mª Carme (1974): "Vida mariñeira de Sada. Contribución pra un estudio lingüístico", *Verba 1*, 181-232.
- Sarria* = López Castro, Mª Xosé (1990): *A fala de Sarria (Lier, Calvor, Castelo). Estudio fonético e léxico*. Tese de Licenciatura. Univ. de Santiago de Compostela.
- Seteventos* = Sánchez Rodríguez, Helena (1983): *A fala da parroquia de Seteventos*. Tese de Licenciatura. Univ. de Santiago de Compostela.
- Terra Chá* = Regueira Fernández, Xosé Luís (1989): *A fala do norte da Terra Chá. Estudio descriptivo*. Tese de doutoramento. Univ. de Santiago de Compostela.
- TILG* = Santamarina, Antón (dir.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Imaxin (<http://www.ti.usc.es/TILG/>).
- Verín* = Taboada Cid, Manuel (1979): *El habla del valle de Verín*. Anexo 15 de *Verba*. Santiago de Compostela: Univ. de Santiago de Compostela.
- Vincios* = Costas González, Xosé Henrique (1986): *Aproximación lingüística á fala de Vincios (Val Miñor)*. Tese de licenciatura. Univ. de Santiago de Compostela.
- Zolle* = Vázquez Somoza, Xosé Luís (1986): *O galego en Zolle (Guntín)*. Tese de Licenciatura. Univ. de Santiago de Compostela.